

ACORDOS NÚMERO 12/2017
SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
DO DÍA 08/06/2017

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12:00 horas, do día oito de xuño de dous mil dezasete, reúnese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Antonio Pereiro Liñares

Concelleiros:

D^a. Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D. José Manuel Cancela Cancela

Secretaria:

D^a Ana Beatriz Oveja Villafañe

ORDE DO DIA

- 1- PLAN MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2017-2018.-
- 2- APROBACION PRESUPOSTO ANALISE MENSUAL AUGA PISCINA SEGUN DECRETO742/2013.-
- 3- APROBACION PRESUPOSTO PARA COMPRA DE CAMISETAS CONMEMORATIVAS PARA CARREIRA VIII CARREIRA POPULAR PEDESTRE.-
- 4- APROBACION FACTURAS.-
- 5- APERTURA DAS PROPOSICIONS QUE FORMULARON AS EMPRESAS PARA TOMAR PARTE NA LICITACION POR CONTRATO MENOR DO PROXECTO BEIRARRUAS EN IGREXA-VILADOABADE.-
- 6- COMPRA DE FINCA VIEIRA VELLA.-
- 7- PROPOSTA DE ADXUDICACION DO PROXECTO DE CAMIÑOS DE PONTEPEDRA A COOPERATIVA E OUTROS.-
- 8- APERTURA PISCINA MUNICIPAL.-
- 9- ROGOS E PREGUNTAS.-

1.- PLAN MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2017-2018.-

Acordos adoptados:

- Solicitar a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) que se inclua dentro do Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018, a seguinte actuación:CAMIÑO PIÑEIRO - CAMPO DE FÚTBOL DE VILADOABADE E OUTROS.

- Nomear a D. Antonio Pereiro Liñares, en calidade de Alcalde como persoa designada para actuar como representante deste Concello ante a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

- A posta en disposición, libres de cargas e gravames, de todos os terreos necesarios, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións legalmente esixidos para levar a cabo as obras.
- A renuncia expresa a reter da achega desa Corporación calquera tipo de tributo con motivo das obras de referencia.
- Asumir unha vez recepcionadas as obras provisionalmente e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma a explotación, mantemento e conservación das mesmas.
- Acreditar que a persoa designada para levar a cabo a sinatura do convenio está debidamente facultada para este acto.
- Manifestación expresa de que a obra non se someterá a modificacións importantes nos cinco anos seguintes á súa entrega que poidan afectar á natureza, condicións de execución ou cambio do réxime da propiedade da infraestrutura.
- O Concello asumirá todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido polo dito Concello.
- O Concello, antes da adxudicación definitiva da obra e sen prexuízo dos demais requisitos esixidos pola normativa que regula a contratación administrativa, deberá acreditarse a efectiva dispoñibilidade dos terreos.
- Que segundo obra na documentación deste Concello, dispónse dos terreos necesarios para a execución das obras inherentes ao proxecto das obras incluídas no Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018.
- Que o proxecto cumpre coa normativa vixente en materia urbanística.
- Declarar que non se solicitaron nin en consecuencia se recibiu ningunha outra axuda para este proxecto.
- Este concello ten presentada a última rendición de contas legalmente esixible en prazo e forma regulamentarios.

2.- APROBACION PRESUPOSTO ANALISE MENSUAL AUGA PISCINA SEGUN DECRETO742/2013.-

Acordos adoptados:

1º Aprobar o presuposto nº P204/17 presentado pola empresa VIRAXES, Servizos deportivos por un importe de 580,80€, para que realice a análise mensual da auga da piscina durante os meses de xuño-xuño-agosto e setembro de 2017.

3.- APROBACION PRESUPOSTO PARA COMPRA DE CAMISETAS CONMEMORATIVAS PARA CARREIRA VIII CARREIRA POPULAR PEDESTRE.-

Acordos adoptados:

1º Aprobar o presuposto presentado por ESYMAR por un importe de 1120,00€ IVA non incluído para a compra de camisetas conmemorativa, por ser a oferta máis vantaxosa.

4.- APROBACION FACTURAS.-

Acordos adoptados:

1. Aprobar as facturas relacionadas por un importe total de: 3.247,64€.

2. Ordear a Tesorería Municipal que proceda ou pago previa intervención formal da Interventora das cantidades das facturas relacionadas por un importe de: 3.247,64€.

REX.	INTERESADO	CONCEPTO	IMPORTE	PARTIDA
2017/919	Procat Ingeniería y Medioambiente, S.L.	Fact. A 23 Inventario de camiños fase 1	1936,00€	92022706
642	Cristalería Tambre	A170137	1311,64€	231221200
		TOTAL	3247,64€	

5.- APERTURA DAS PROPOSICIONS QUE FORMULARON AS EMPRESAS PARA TOMAR PARTE NA LICITACION POR CONTRATO MENOR DO PROXECTO BEIRARRUAS EN IGREXA-VILADOABADE.-

Acordos adoptados:

1. Solicitar a Estudio Técnico Gallego, S.A., encargada dos servizos técnicos municipais para que emita informe de valoración de ofertas conforme aos criterios de adjudicación aprobados por Resolución da Alcaldía.

Emitido o citado informe dase conta ao órgano de contratación para que realice a clasificación de adjudicación segundo a puntuación obtida e requirir licitadora que presentase a oferta máis vantaxosa a fin de que presente a documentación esixida na lexislación vixente en materia de contratos do sector público para a formalización do correspondente contrato.

6.- COMPRA DE FINCA VIEIRA VELLA.-

Acordos adoptados:

1º Adquirir o ben inmovible denominado “VIEIRA VELLA” con referencia catastral: XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX, por un importe de 12.800,00€.

2º Facultar ao señor alcalde en todo o relacionado con este expediente.

7.- PROPOSTA DE ADXUDICACION DO PROXECTO DE CAMIÑOS DE PONTEPEDRA A COOPERATIVA E OUTROS.-

Acordos adoptados:

1. Elevar a proposta de adxudicación do proxecto de CAMIÑO DE PONTEPEDRA A COOPERATIVA E OUTROS, a favor da licitadora OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L., por imoprte total de 69.375,01 euros, por ser a que obtén a maior puntuación, clasificando as restantes, segundo a orde de puntuación obtida no citado informe de valoración de ofertas.

8.- APROBACION CONVOCATORIA PARA A PARTICIPACION NA PREVENCION E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACION DE BRIGADAS DE PREVENCION E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.-

Acordos adoptados:

1º Convocar os traballadores que prestaron os seus servizos na Brigada de Prevención de Incendios Forestais no ano 2016 para que se presenten de novo as probas físicas que terán lugar o 29 de xuño de 2017.

2º Convocar un novo proceso de selección para os traballadores necesarios para completar a cuadrilla mediante as seguintes bases:

“BASES ESPECÍFICAS PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN XEFE DE BRIGADA, UN PEÓN CONDUCTOR E TRES PEÓNS PARA A APLICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA D MEDIO MEDIO RURAL E O MAR E O CONCELLO DE TORDOIA PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DE BRIGADAS DE PREVENCIÓN E DEFENSA COFINANCIADA CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020

9.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formulan.

Non habendo máis asuntos de que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as 13:30 horasdo que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde,

A Secretaria,